



ORDENANZA Nº 14 REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS PRESTADOS POLO PADROADO DE CULTURA.

ARTÍGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

O abeiro do previsto na Lei reguladora das facendas locais este concello establece a taxa pola prestación de servizos do Padroado da cultura, que se a rexer pola presente ordenanza.

ARTÍGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos públicos do Padroado de cultura especificados nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTÍGO 3. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos do Padroado de cultura que constitúan o feito imponible da taxa.

ARTÍGO 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboradores na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

ARTÍGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.

Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

ARTÍGO 6. COTA TRIBUTARIA.

1.- A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

A) Tarifa primeira:



A.1 Matrícula por curso nas escolas: teatro, debuxo, danza, gaita e percusión e outras.	60,00 €
A.2 Matrícula por curso de bailes de salón	30,00 €
A.3 Matrícula por curso de verán de bailes de salón	10,00 €

B) Tarifa segunda:

a) Entradas ás diferentes representacións organizadas polo Padroado da Cultura feitas por profesionais, no **Pazo da Cultura**:

ADULTOS	9,00 €
NENOS (menores de 14 anos e posuidores do carné xove ou de estudante ata 25 anos)	5,00 €

b) Entradas ás diferentes representacións organizadas polo Padroado da Cultura feitas por profesionais, no **Auditorio Municipal**:

ADULTOS	7,00 €
NENOS (menores de 14 anos e posuidores do carné xove ou de estudante ata 25 anos)	5,00 €

c) Entradas para campañas escolares: 2,00 €

d) Entradas a outras representacións ou concertos con carácter excepcional, segundo caché:

Tarifa A	15,00 €
Tarifa B	20,00 €
Tarifa C	25,00 €
Tarifa D	30,00 €

e) Bono para as diferentes representacións organizadas polo Padroado da Cultura:

No momento da súa adquisición farase unha recarga de **30,00€** podendo ampliar esta contía en función da súa utilización. Os posuidores do bono terán un desconto do **30%** en todas as actuacións organizadas polo Padroado da Cultura.

C) Tarifa terceira

a) Matrícula para o 2º ciclo da Escola Profesional de Teatro, por cada curso.	200,00 €
b) Matrícula para o 2º ciclo Escola de Danza Contemporánea, por cada curso.	200,00 €

D) Tarifa cuarta: utilización de auditorio e salón de exposición

Utilización de auditorio e salón de exposición para a realización de actos por entidades con fins mercantís ou profesionais:

a) Auditorio- incluíndo exclusivamente servizos de limpeza e portaría	500,00 €
b) Auditorio- Incluíndo servizos técnicos adicionais (son...)	900,00 €
c) Salón de exposición	175,00 €

E) Tarifa quinta: utilización do Pazo da Cultura

Utilización do Pazo da Cultura para a realización de actos por entidades con fins mercantís ou profesionais:

a) Pazo da Cultura- incluíndo os servizos técnicos cos que conta o concello
acto/ día

Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas 1.400,00 €

b) Por utilización do vestíbulo para exposicións ou outros eventos/día

Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas 200,00 €



c) Por utilización do Café- Teatro/ día

Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas

400,00 €

d) Por utilización da platea co equipamento técnico co que conta o concello/ día

Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas

1.000,00 €

ARTÍGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

1. A xunta rectora do Padroado municipal da cultura de Narón fixará os períodos hábiles durante os cales os alumnos poden solicitar a súa matriculación nas disciplinas e cursos dos programas que respectivamente se impartan.

Os alumnos pagarán, no momento de solicitar a súa matrícula, a taxa correspondente ao número de disciplinas e cursos polos que desexen recibir ensinanza.

2. A xunta do padroado poderá acordar a subvención ata 95 % das tarifas previstas para estas taxas cando, en atención o carácter social, cultural, benéfico ós que se refire o apartado anterior, instaranos ó presidente do Padroado de cultura acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa realización.

O acordo que se adopte deberá ser motivado e conter os informes pertinentes.

3. As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios ós que se refire o apartado anterior, instaranos ó presidente do Padroado de cultura acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretención.

4. A excepcionalidade das representacións que figuran no apartado c) do artigo 6-b será fixada pola xunta do padroado.

5. O pago da matrícula correspondente a tarifa terceira poderá ser fraccionada en dous prazos do 50% cada un deles.

6. A utilización do auditorio, salón de exposición e Pazo da Cultura, por petición de entidade sen ánimo de lucro, será obxecto de convenio no que se determinarán condicións distintas ao pago da tarifa cuarta e quinta.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.